

Cartas con vida

Cando a vida inmensa chega á casa

MARGA ROMERO

Agradécese a publicación deste atado de trescentas dúas cartas, escritas entre 1959 e 1998, que Xosé Neira Vilas e mais a súa compañeira Anisia Miranda –destinatarios das mesmas– gardaron (para nós), como e agracede o bo labor da responsábel da edición, Dolores Vilavedra, pola parca e esclarecedora introdución e polas atinadas notas a pé de páxina. Emocionante epistolario que constitúe un documento “coral” de excepcional valor e que permite un percorrido polas últimas décadas da construción da Galiza do século XX, no interior e alén mar. Trátase de xentes que xa non están connosco, agás o pintor Xosé Luís de Dios, cartas que demostran que Memorias Balbino percorreu un mundo, o e lle permite escribir a Machado da Rosa da “muita coisa en comum com os meus Açores”; cartas que falan do coñecemento da literatura galega de Salvador Espriu, da preocupación por un dicionario e unha gramática galega que mostra Rodrigues Lapa –quen en Belo Horizonte lle descobre ao alumnado o neotrobadorismo galego– ou do labor que Agostinho da Silva para establecer relacións entre Galiza, Portugal, Brasil e os Palop. Os destinatarios colaboran na construción do mundo desde Follas Novas en Bos Aires e van recibindo novas como a da primeira tese presentada en galego por “unha alumna” de Carballo Calero ou crónicas como as dos *Vieiros* des-

de México de Carlos Velo. Enrolados na revolución na Habana, seguimos o rumbo da colectividade galega que quedou na Arxentina; asistimos aos diálogos con Galiza a través de Manuel María, quen lles conta a Xosé a a Anisia da nova canción galega, dos problemas para manter a Xistral, da ne-

gativa de Piñeiro de publicar a novela *O xornaleiro* por mor do contido social das mesmas. Tamén sabemos, entón, das dificultades de Celso Emilio –da canda do marxismo– con Galaxia ou con Álvaro Cunqueiro, dos problemas de Blanco Amor con episodios d’*A esmorga* ou *Xente ao Lonxe*. Cartas máis familiares como as do médico e político Manuel Reimóndez que lle comunica o estado da nai ou da irmá Carme, da casa natal do escritor e que tece unha boa crónica da política galega desde 1972 até 1988. Cartas emocionantes que transmiten a paisaxe oteriana, a dor pola queima de 3000 libros e as problemáticas da edición ás que se enfronta Álvarez Blázquez, a descrición das lentes elásticas e o tratamento do estrabismo en galego por Antón Beiras, as preocupacións polo “marxismo leninismo e o problema nacional galego” de Soto ou a dun Avilés de Taramancos de regreso. Cartas con vida inmensa.

NEIRA VILAS, Xosé, *Cartas de vellos amigos* (1959-1998), Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP.29, 50 €

